



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE 2023, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente: D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as: D. MANUEL COSTA CARNEIRO (Escusa asistencia)
D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
D^a. MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
D^a. DIANA VARELA BARREIRO
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
D^a. MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
D^a. RAQUEL SANGIAO DURÁN
D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
D^a. YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
D. DAVID BROCOS VIEIRO

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día vinte e seis de abril de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores. (22/03/2023).

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 22/03/2023 que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

-- Á pregunta formulada polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, no Pleno do mes de febreiro a Presidencia contesta:

Respecto a canto custa organizar a Festa da Camelia e cantos ingresos reporta ao concello, a Presidencia di que arredor de 6.000 €. Estes cartos teñen un retorno primeiro de forma directa en todos os actos vinculados á Camelia, non só o propio día, senón coa Btt, etcétera, a través da propia actividade hostaleira do concello; tamén na propia promoción turística do concello e na promoción económica da xente que traballa ou emprende directa ou indirectamente vinculado ao mundo da camelia, mesmo na capacidade de poder buscar novos nichos de negocio.

Cre que o fundamental tamén é falar dun retorno indirecto ou cando menos dun retorno inmaterial, posto que a ninguén se lle escapa que a camelia forma parte da esencia, da cultura do concello e é un dos elementos máis característicos de Vedra.

-- Ás preguntas formuladas por dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Sobre canto custou o programa “A Estación Cultural”, a Presidencia di que é un programa subvencionado a través dos fondos Next Generation, e os gastos foron arredor de 50.000 €.



Como se puido observa apoiáronse moitas entidades culturais do concello que é o que buscaban eses fondos.

A subvención foi arredor de 35.000 € e fondos propios do concello sobre 15.000 €.

2º.- Respecto a se xa foi presentado o proxecto complementario do antigo Pazo de Galegos, a Presidencia di que a día de hoxe aínda non.

3º.- Sobre a zona cuberta que había na gardería, a Presidencia di que debido ás obras que se fixeron tivo que desarmarse. É unha actuación prevista nos próximos tempos en relación á gardería .

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a en que quedou a polémica que saíu na prensa respecto da Festa da Camelia, a Presidencia di que non quedou en nada. Víronse no medio dunha guerra interna entre os propios alfombristas de Galicia e o concello optou por non meterse.

2º.- Sobre a carpa do centro de saúde, a Presidencia di que xa está contestada.

3º.- Respecto ao punto de caravanas, a Presidencia di que hai que facelo ben e hai un proxecto que está vinculado a obter a subvención correspondente. Ata agora non se concedeu esa subvención e esperan conseguila. Cando iso se produza acometerán o proxecto e acondicionarán a zona debidamente.

4º.- Sobre como vai afectar ao concello a Lei de benestar animal en canto á existencia de instalacións axeitadas aos requirimentos da lei, a Presidencia contesta que a nova lei estatal de protección dos dereitos e benestar dos animais, que non estará en vigor ata setembro de 2023, non suporá grandes cambios en relación a este tema respecto á normativa que existe a nivel autonómico.

Os concellos poden ter un servizo a través dun convenio, como é o caso de Vedra co Padroado do refuxio de Bando, e por tanto é o refuxio quen se encarga do posterior tratamento dos animais unha vez recollidos. O único que se recolle como obriga do concello é ter unha instalación temporal para ter os animais desde que se recollen ata que se trasladen ao refuxio de Bando.

A instalación que existe na actualidade cumpre cos requisitos que se esixen.

Houbo unha reunión a semana pasada para ir adaptando as instalacións do refuxio de Bando a esta nova normativa.

5º.- Respecto ao repaso ás cunetas do concello, a Presidencia di que xa levan unhas semanas traballando nelas e este ano comezaron antes.

-- Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto ao lixo acumulado en Illobre, a Presidencia di que son conscientes da súa existencia e retirarano tan pronto poidan, porque se precisa facelo con maquinaria.

2º.- Sobre o arranxo dalgunhas pistas, a Presidencia di que por fin se desbloquearon todos os programas relacionados con este tema; o POS 2022 xa está adxudicado o mesmo có PIR, e o POS 2021 está agora en fase de licitación, co cal agora no verán asfaltarán bastantes desas pistas.

-- Ás preguntas formuladas polo Sr. Brocos Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto ao o informe do ano 2008 sobre aos PFAS, a Presidencia di que o outro día houbo unha reunión dos representantes dos grupos municipais con Viaqua e a asociación de veciños, e xa viron que a referencia a Outeiro, era o de Ames a carón do río Sar, non en Vilanova (Vedra). En calquera caso as analíticas feitas en Vilanova deron un resultado de cero PFAS. Cando manden o informe definitivo estará a disposición dos grupos para que se poida consultar.

2º.- Sobre cal é a proxección dos novos viñedos na zona norte do concello, a Presidencia di que teñen coñecemento de que están intentando facer algunhas compras na zona norte, pero aínda non teñen datos suficientes para facer unha proxección de cal vai ser o uso ou a extensión dos viñedos nesa zona.

En canto ao tema das augas, matiza que ás veces os veciños esquecen que o uso das augas é unha autorización administrativa. Cre que agora a xente cada vez é máis consciente en que teñen que legalizar as traídas e os pozos, o cal é beneficioso para eles porque protexen o uso das augas ante as posibles agresións que poidan sufrir.

3º.- Respecto á cobertura de fibra óptica, a Presidencia contesta que o concello está por riba dun 95 % de cobertura en todo o territorio municipal, sendo un dos concellos rurais de Galicia que máis ten.

Si é certo que hai zonas sen cobertura. Están insistindo de forma directa, indirecta, oficial e extraoficial neste tema. De feito o 27 de marzo Telefónica confirmou por escrito que xa están encargados os proxectos para a ampliación da rede de fibra óptica nos lugares de O Pumariño e Matelo.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta que pasa na zona de Vedra arredor do concello na que ao parecer hai problemas coa fibra.

O Sr. Cernadas Méndez di que cando levaron a fibra para o colexio cortaron o cable principal e botaron como dous meses para poder soldalo e deixalo en condicións. Agora non debería haber eses cortes.

3º.- Rogos e preguntas.

Non se presentan.

A Presidencia aproveita para darlles as grazas aos membros da corporación porque foi unha lexislatura diferente e histórica, porque estiveron todos aquí tomando decisións e gobernando no momento en que o mundo mudou a pandemia. Iso marcou un momento da lexislatura moi importante.

Quere agradecer publicamente o comportamento que tiveron tanto os compañeiros de partido como os membros da oposición xa que foron exemplares para os veciños de Vedra e de toda Galicia.

Tamén agradece a boa relación persoal entre os membros da corporación, algo que sempre sucedeu en Vedra gobernase quen gobernase. Agradece o labor de todos polo ben dos veciños de Vedra.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, despídese do Pleno porque non vai repetir nas vindeiras eleccións. Leva doce anos na corporación e para ela foi unha honra formar parte dela . deséxalles a todos o mellor no aspecto persoal e pídelle aos que queden que ante todo miren polos veciños.

Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, di que para ela foi un orgullo formar parte da corporación e moito máis non sendo nativa de Vedra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 814 612 – Telefax 981 503 331 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal



O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, di que foi unha experiencia nova da que sempre se aprenden cousas e dálle as grazas aos membros do Pleno.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, di que foi unha experiencia á que chegou con moitos nervios, xa que era a máis nova da corporación, e sen expectativas e á expectativa do que ía acontecer. Di que gozou bastante destes catro anos.

Agradécelles a todos o trato cordial e correcto cara a súa persoa.

O Sr. Brocos Vieiro, do BNG agradécelles a todos o ben que o recibiron cando chegou a metade da lexislatura e deséxalles sorte nas eleccións a todos.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.

O Secretario. Asdo: Carlos J. Méndez-Losada Abalo

O Alcalde. Asdo: Carlos Martínez Carrillo